STRELIA

ELECTROTECNIA

MANUAL DE IDENTIDADE CORPORATIVA

ográficodeseño

4.11.2013

Hoxe no mundo das marcas, é incuestionable que calquera empresa require unha linguaxe de estilo propio e definido para comunicar con valor e efectividade as súas mensaxes.

Este manual de identidade corporativa ten como obxectivo dotar á marca STRELIA ELECTROTECNIA dunha identidade propia e diferenciada que a represente. Trátase dun recurso básico para que a empresa dispoña dunha personalidade definida e unha imaxe global que a identifique. O manual é o padrón que recolle os elementos constitutivos da identidade visual da empresa.

Como elementos constitutivos establecemos as pautas de construción, o uso das tipografías e as aplicacións cromáticas da marca. Engádese unha colección de aplicacións funcionais básicas.

A consolidación da identidade corporativa é un valor en si que transmite solidez, fiabilidade e confianza. O seguimento e a atención ás recomendacións expostas neste manual garántenos a consolidación da imaxe e unha unidade de criterios na nosa comunicación e difusión pública.

As directrices que contén este documento non pretenden, de ningún xeito, coutar a creatividade da empresa, senón ser unha guía que permita enxergar novas posibilidades para comunicar coa súa esencia.

ÍNDICE

IDENTIDADE GRÁFICA DA STRELIA ELECTROTECNIA 6

Aplicacións da marca nos diferentes soportes precisos para a súa correcta difusión

1. Construcion do logotipo 7

Familia tipográfica 8

Familia tipográfica de acompañamento 9

Construción do logotipo. Retícula de composición e axustes tipográficos 10

Símbolo. Cores corporativas e a sua formación en cuadricomía 11

Test de redución da marca 12

Versión vertical da marca. Test de redución 13

Versión a unha tinta. Versión a unha tinta negativo 14

Versión a unha tinta nas súas cores corporativas 15

Versión vertical da marca a unha tinta. Versión a unha tinta negativo 16

Versión vertical da marca a unha tinta nas súas cores corporativas 17

2. Papelaría 18

Cartóns. Modelo básico 19

Factura 20

Cd de empresa. Carimbo de empresa 21

Sobre branco 22

3. Outras aplicacións 24

Modelo para a firma de correo electrónico 25

Favlcon 26

Furgoneta de empresa. Roupa de traballo 27

Camisola logo mini 28

Camisola logo faixa 29

4. Marcas do sector. Logotipos de referencia 30

IDENTIDADE GRÁFICA DA STRELIA ELECTROTECNIA

1. CONSTRUCIÓN DO LOGOTIPO

Creamos para STRELIA ELECTROTECNIA unha imaxe corporativa que contén o que para nós son os principais valores da empresa: profesionalidade e proximidade.

Profesionalidade
Para potenciar as fortalezas existentes na empresa e desenvolver novas capacidades orientadas ao servizo e ao cliente.

Proximidade
Ofrecendo aos clientes un trato personalizado, humano e próximo, mostrando en todo momento unha vocación de servizo.

A forma principal da marca é a propia palabra, unha tipografía grosa e sinxela de formas, que dá ao logotipo unha fortaleza que transmite liderado. A sinxeleza das súas formas achegan proximidade e compromiso como valores engadidos. Ao mesmo tempo, a unión de caracteres e detalles retocados, constrúen unha tipografía personalizada, que achega á marca unha identidade propia de modernidade, fundamental para perdurar ao paso do tempo.

Ao logotipo principal engadimos o símbolo creado. Este símbolo preséntase como un elemento sinxelo de formas suaves e estilizadas.

O logotipo resultante apresenta unha imaxe de marca moderna e dinámica, limpa e actual, moi axeitada para o sector profesional onde STRELIA ELECTROTECNIA desenvolve a súa actividade.

Unha marca ben aplicada é a base máis sólida sobre a que se xera adhesión, rápida identificación e vinculación cun proxecto de futuro.

1. CONSTRUCIÓN DO LOGOTIPO.

O logotipo é o signo visual composto por caracteres tipográficos. Dá forma gráfica a unha ou varias palabras que, até ese instante, se apoian unicamente no seu contido fonético.

A tipografía implica unha presenza icónica da palabra que, xunto á súa función puramente verbal, achega certos significados complementarios totalmente visuais. Por iso hase de considerar que calquera familia tipográfica que sexa base no desenvolvemento dun logotipo debe reunir, ineludibelmente, características de funcionalidade, rápida lexibilidade e permanencia no tempo, valores que contribuirán a que a forma visual do devandito logotipo atinxa unha eficacia comunicacional axeitada.

O logotipo convértese no noso caso no elemento gráfico que define a imaxe da marca.

1. CONSTRUCIÓN DO LOGOTIPO. Familia tipográfica.

Para a construción do logotipo da **STRELIA ELECTROTECNIA** realizamos un detallado estudo comparativo de tipografías, para escollermos finalmente a máis axeitada. Esta é a tipografía denominada Multicolore.

Multicolore é unha tipografía libre deseñada polo búlgaro *Ivan Filipov.*

Representación gráfica dos caracteres que compoñen a tipografía da **STRELIA ELECTROTECNIA**.

Multicolore**.** Corpo 25 entreliñado 35.

ABCDEFGHIJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ

1 2 3 4 5 6 7 8 9 0

/ -· $ % & /¿?¨Ç;_:!¡

STRELIA

ELECTROTECNIA

1. CONSTRUCIÓN DO LOGOTIPO. Familia tipográfica de acompañamento.

Representación gráfica de todos os caracteres que compoñen a tipografía de acompañamento: Franklin Gothic.

Esta fonte empregase para todos os textos que acompañen o logotipo **STRELIA ELECTROTECNIA**, nalgunha das súas versións, dependendo do soporte e contido dos textos a representar.

Franklin Gothic Book Regular. Corpo 15 entreliñado 18.

abcdefghijklmnñopqrstuvwxyz
ABCDEFGHIJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ
1 2 3 4 5 6 7 8 9 0 =/ * - + ª º “ · $ % & / ( ) ? ¿ ! ¡

Franklin Gothic Book Regular Italic. Corpo 15 entreliñado 18.

abcdefghijklmnñopqrstuvwxyz
ABCDEFGHIJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ
*1 2 3 4 5 6 7 8 9 0 =/ * - + ª º “ · $ % & / ( ) ? ¿ ! ¡*

Franklin Gothic Medium. Corpo 15 entreliñado 18.

abcdefghijklmnñopqrstuvwxyz
ABCDEFGHIJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ
1 2 3 4 5 6 7 8 9 0 =/ * - + ª º “ · $ % & / ( ) ? ¿ ! ¡

Franklin Gothic Medium Italic. Corpo 15 entreliñado 18.

abcdefghijklmnñopqrstuvwxyz
ABCDEFGHIJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ
1 2 3 4 5 6 7 8 9 0 =/ * - + ª º “ · $ % & / ( ) ? ¿ ! ¡

Franklin Gothic Demi Regular. Corpo 15 entreliñado 18.

abcdefghijklmnñopqrstuvwxyz
ABCDEFGHIJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ
1 2 3 4 5 6 7 8 9 0 =/ * - + ª º “ · $ % & / ( ) ? ¿ ! ¡

Franklin Gothic Demi Regular Italic. Corpo 15 entreliñado 18.

abcdefghijklmnñopqrstuvwxyz
ABCDEFGHIJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ
1 2 3 4 5 6 7 8 9 0 =/ * - + ª º “ · $ % & / ( ) ? ¿ ! ¡

Franklin Gothic Heavy. Corpo 15 entreliñado 18.

abcdefghijklmnñopqrstuvwxyz
ABCDEFGHIJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ
1 2 3 4 5 6 7 8 9 0 =/ * - + ª º “ · $ % & / ( ) ? ¿ ! ¡

Franklin Gothic Heavy. Corpo 15 entreliñado 18.

abcdefghijklmnñopqrstuvwxyz
ABCDEFGHIJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ
1 2 3 4 5 6 7 8 9 0 =/ * - + ª º “ · $ % & / ( ) ? ¿ ! ¡

1. CONSTRUCIÓN DO LOGOTIPO. Retícula de composición.

A personalización do logotipo xorde de retocar algunhas das súas letras, concretamente o **R** e o **A**, aos que eliminamos os trazos centrais.

A separación entre o símbolo e o logotipo e a mesma que existe entre a base do logotipo e a palabra ELECTROTECNIA (representado co cadrado gris).

A separación existente entre as bases das palabras STRELIA e ELECTROTECNIA é a resultante de aplicar a altura do logotipo (A). A altura do símbolo está determinada pola altura das letras máis un corpo de altura por riba e outro igual por baixo do ancho do
trazo (B).





A cor elixida para o logotipo é o negro en porcentaxes do 60% para STRELIA e o 70% para ELECTROTECNIA. Nas intersecciónS dos trazos a resultante e un 85% de negro.

A cor elixida para os textos dos cartóns e outros elementos da papelaría é o mesmo gris das intersecciónS dos trazos do logotipo: 85% de negro.

STRELIA

ELECTROTECNIA

Coa elección das cores no símbolo, procuramos mostrar algúns dos obxectivos e valores da STRELIA ELECTROTECNIA.
O resultado, xunto co logotipo, é unha imaxe de marca moderna e dinámica, moi axeitada para a empresa.

Mostramos de seguido as cores da guía Pantone Process Color Bridge / coated euro elixidas, e a súa equivalencia en valores de cuadricromía para impresión: Ciano, Maxenta, Amarelo e Negra. As súas abreviaturas son: C, M, Y, K.

Pantone Process 1665 EC
C: 0% M: 80% Y:100% K: 0%

Pantone Process 137 EC
C: 0% M: 46% Y: 100% K: 0%

Pantone Process Cian EC
C: 100% M: 0% Y: 0% K: 0%

Pantone Process 369 EC
C: 73% M: 0% Y: 100% K: 0%

1. CONSTRUCIÓN DO LOGOTIPO. Test de redución da marca.

Para a redución da marca temos que establecer un límite para que a súa lexibilidade sexa axeitada.
As proporcións han manterse sempre até chegar aos límites mostrados nesta páxina.

Tamaño de reprodución para os cartóns de empresa: 60 x 16,5 mm.
Representación ao 100%

Tamaño mínimo de representación para impresión: 30 mm de anchura.
Representación ao 100%

Tamaño mínimo de representación para pantallas: 120 px de anchura.

1. CONSTRUCIÓN DO LOGOTIPO. Versión vertical da marca.

Mostramos a versión vertical da marca. O símbolo aparece na parte superior do logotipo e centrado.

O seu uso fica restrinxido a aplicacións moi determinadas, onde interese priorizar o símbolo ou destacalo sobre a marca.

A versión vertical da marca permite reducir o conxunto a un tamaño inferior ao da marca en horizontal, mantendo a súa lexibilidade.

Tamaño mínimo de representación para impresión: 24 mm de anchura.
Representación ao 100%.

Tamaño mínimo de representación para pantallas: 90 px de anchura.

1. CONSTRUCIÓN DO LOGOTIPO. Versión a unha tinta; negro.

Para determinadas aplicacións e soportes utilizarse a versión da marca a unha tinta.

Versión en negativo; branco sobre fondo negro

1. CONSTRUCIÓN DO LOGOTIPO. Versión a unha tinta nas súas cores corporativas.

Mostramos a versión a unha tinta sobre fondos coas cores corporativas do símbolo da STRELIA.

1. CONSTRUCIÓN DO LOGOTIPO. Versión vertical da marca a unha tinta.

Para determinadas aplicacións e soportes utilizarase a versión da marca a unha tinta.



Versión en negativo; branco sobre fondo negro

1. CONSTRUCIÓN DO LOGOTIPO. Versión vertical da marca a unha tinta nas súas cores corporativas.

Mostramos a versión vertical da marca a unha tinta sobre fondos coas cores corporativas do símbolo da STRELIA.



IDENTIDADE GRÁFICA DA STRELIA ELECTROTECNIA

2. PAPELARÍA

A papelaría comprende diversos elementos impresos que, sendo utilizados para a imaxe interna e externa, constitúe un alicerce básico para a comunicación da imaxe da empresa.

As normas que se describen ao longo deste capítulo han ser desenvolvidas de forma estrita e sistemática, xa que o seu emprego en cartas, sobres, cartóns, etc. serve para mostrar a identidade visual da **STRELIA ELECTROTECNIA** de xeito coherente.

Todos os detalles referentes á cor, tipografía, etc., han de terse moi presentes, así como a colocación e proporcións dos diversos elementos gráficos incluídos en calquera modelo impreso.

2. PAPELARÍA. Cartóns. Modelo básico.

Para os cartóns eliximos un modelo básico de 85 mm de anchura x 50 mm de altura, impreso por ambas as caras cos datos de contacto na parte posterior.

A cor elixida para os textos é o mesmo gris das intersecciónS dos trazos do logotipo: 85% de negro.

O papel recomendado para a impresión e o **Renovaprint de 300 grs. de Ivory.**

Parte frontal

Parte posterior, textos gris corporativo

Modelo vertical con impresión a dupla cara e co código QR contendo toda a información do cartón en formato vCard.

STRELIA
ELECTROTECNIA

FACTURA

STRELIA ELECTROTECNIA S.COOP. GALEGA
F70379698
Rúa de Melide 11-3B, 15705 Compostela, Galiza
info@strelia.pro | www.strelia.pro
Tfno.: 981558988

Data: 25/11/2013
Fact. Nº: **2013-0003**

Facturar a:
Autoestradas Eixo Atlántico S.A.,
B36123123
Rúa do Hórreo s/n, 36400 Vilagarcía da Arousa
contabilidade@eixoatlantico.com
Tfno.: 678912345

Proxecto:
13005_EstPrevFormaris

Cor de fondo do cabezallo 50% azul corporativo

Concepto	Uds.	Prezo	Importe
Estudo previo. Túnel de Formarís - AP9 km 324	4	56,00 €	224,00 €
		Subtotal	224,00 €
		IVE 21%	47,04 €
		Total	**271,04 €**

Condicións de pagamento:
Á VISTA
TRANSFERENCIA BANCARIA Á CONTA:
CONTA CAIXA RURAL: ES12 3456 7890 1234 5678 9012
En ningún caso a firma por parte de Strelia, ou a posesión desta factura, justifica que estea pagada; sendo preciso o correspondente documento acreditativo do abono.

Cor gris de fondo 10% negro

Observacións:

O raio de curvatura é de 0,5 cm e o grosor da liña e de 0,5 puntos para todos os cadros

Strelia Electrotecnia S. Coop. Galega NIF: F70379698 Rexistro de Cooperativas de Galiza. Libro de Sociedades Cooperativas, Tomo VII, Folla 379-SCT, Folio 1, Asento 1

2. PAPELARÍA. Cd de empresa. Representación ao 100%.

2. PAPELARÍA. Carimbo

Carimbo de 38 mms. de díametro.

2. PAPELARÍA. Sobre americano. Representación ao 90%.

Modelo de sobre branco. O logotipo aparece a cores na parte frontal e o enderezo a unha tinta no reverso coa cor gris corporativa. Mostra ao 90% do seu tamaño orixinal.

IDENTIDADE GRÁFICA DA STRELIA ELECTROTECNIA

3. OUTRAS APLICACIÓNS

Para a correcta identificación da **STRELIA ELECTROTECNIA** creamos outras aplicacións que fican aquí recollidas.

Hoxe en día aplicar correctamente a marca de empresa en calquera dos seus soportes representa un diferencial de calidade e profesionalidade xerandoun impacto positivo no cliente. Todos os elementos creados para a difusión da marca manteñen unha harmonía e coherencia visual que vai acorde á misión e obxectivos da empresa e ao resto da súa imaxe gráfica.

3. OUTRAS APLICACIÓNS. Modelo para a firma de correo electrónico.

O logo terá definido como texto alternativo “Strelia Electrotecnia - Logo” e como texto a mostrar, a páxina web da empresa “www.strelia.pro”, ademais de ser ser unha ligazón activa a esta páxina. A codificación preferente será html simple e o identificador de tipografía para o corpo da mensaxe e a firma será “sans-serif” (xenérico) e tamaño “medio”. O enderezo do remitente será da forma “Nome Apelido - Strelia”.

– –

Martiño Varela I Auditor Enerxético I +34 623 132 132

STRELIA
ELECTROTECNIA

Exemplo.

3. OUTRAS APLICACIÓNS. Favicon.

Mostras para 16x16 e 24x24 da cuadrícula ampliada dos pixels para a construción dos favicons. O fondo irá a transparente.

Empregaranse exclusivamente os ficheiros .png base definidos ao efecto.





Exemplo



3. OUTRAS APLICACIÓNS. Furgoneta de empresa.

3. OUTRAS APLICACIÓNS. Roupa de traballo.

STRELIA
ELECTROTECNIA

3. OUTRAS APLICACIÓNS. Camisolas logo faixa.

4. MARCAS DO SECTOR. Logotipos de referencia.

Mostramos algúns dos principais logotipos de empresas internacionais do sector como referentes tidos en conta.

Agilent Technologies

STRELIA
ELECTROTECNIA

STRELIA

ELECTROTECNIA

UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

XUNTA DE GALICIA